



avoz de vila / ba.  
gai



Lembrando a  
Isaac

# EDITORIAL

Edita:

A.C. A Voz de Vilalba  
Apartado de Correos 26  
27800 Vilalba (Lugo)  
CIF G-27386176  
redaccion@avozdevilalba.gal

Deseño de cabeceira:

© Jazek Wozniak

Imaxe da portada:

© Paulo Naseiro

*A Academia Real Isaac Díaz Pardo celebrou o domingo 10 de xaneiro a cuarta homenaxe ao intelectual Isaac Díaz Pardo nun acto que tivo lugar ás 12.30 horas no cemiterio de Boisaca, en Santiago de Compostela. Como en anos pasados, moitos amigos e coñecidos, entre eles traballadores da factoría cervense de Sargadelos, desprazáronse á capital galega para participar nesta homenaxe a Isaac Díaz Pardo, falecido en xaneiro do 2012.*

*Isaac Díaz Pardo naceu en 1920 en Compostela, na rúa das Hortas, detrás da catedral. Era casa familiar, taller artístico do seu pai, Camilo Díaz Baliño, e sede de encontro para os seus amigos e correlixionarios galeguistas, moitos deles os que figuran nos libros de historia no lado das vítimas, mortos ou exiliados. En xullo de 1936, Camilo Díaz foi paseado e o seu fillo tivo que esconderse uns días ata que puido saír de Santiago.*

*Aquela condición de sobrevivente marcou a súa vida cunha misión: lembrar aos mortos e levar a cabo os soños polos que os mataron. Por iso, con 28 anos, tras estudar arte en Madrid e Barcelona, deu por terminada a prometedora carreira pictórica que iniciara cando volveu a Galicia e xunto co seu socio en Sargadelos, Luís Seoane, que puxo todo os seus talentos ao servizo do activismo galeguista e de esquerdas, Díaz Pardo impúxose a tarefa de preservar, fortalecer e reconstruír a cultura e a memoria de Galicia. Acometeu á vez as facetas de empresario cultural, deseñador industrial, escritor, editor, promotor e mecenas de proxectos. Levou a cabo todas, con éxito notable, salvo, como lamentaba el mesmo, a de crear o xornal Galicia. Os últimos anos sumírono en litixios polo seu legado, homenaxes e unha labor imparable.*

*Isaac Díaz Pardo foi, en calquera caso, un home senlleiro da nosa cultura, un exemplo a seguir que segurará a vivir para sempre en todos nós. Longa vida á súa figura. ●*

O contido da revista reproduce parte do publicado na edición dixital entre os meses de xullo a decembro de 2015.

A Voz de Vilalba  
Edición semestral  
Nº 75, xullo-decembro de 2015  
ISSN: 1989-2004

# Homenaxe a ISAAC DÍAZ PARDO

(Intento de aproximación poética á súa biografía en 8 partes)

Por Xoán Xosé Fernández Abella  
da "Academia Real Isaac Díaz Pardo"

## Limiar

Cantei a túa humildade, a túa grandeza  
nun meu soneto, impar Isaac Díaz Pardo.  
E hoxe unha elexía á túa nobreza

pídeme o corazón, no que ben gardo  
teu exemplo inmortal de gran mecenas,  
claro inimigo sempre do bastardo,  
entrega e rectitude sempre plenas.

## Soneto

Perdóame se ofendo a túa humildade,  
meu grande Isaac Díaz Pardo, extraordinario  
artista e home bo, grande empresario  
que á nosa Terra doa integridade.

Guía para os que amamos a verdade  
e a valentía, sempre solidario  
cos que sofren a historia, hospitalario,  
impar mecenas, ata a heroicidade.

Con Sargadelos polo mundo enteiro  
enalteceche o nome de Galiza.  
Teu labor de editor é pregoeiro

dun altruísmo impar. E nesta liza  
contra os adoradores do diñeiro  
a razón hanche dar. É de xustiza.

## Tristura

Déchelo todo e che quitaron todo,  
e a tristura adiantou teu pasamento.  
Eu pénsoo así, amigo, dese modo.

## Loanza

Alzo teu nome, Isaac, con sentimento  
de admiración total. Túa bonhomía  
será estrela inmortal no firmamento  
da nosa Historia e da fidalguía.

Ti nas máis altas páxinas da Historia  
estarás, loitador, inconformista,  
coa admiración meirande á túa memoria.  
Humanamente fuches comunista.

## Tristura familiar

Teu pai, asasinado galeguista,  
foi o excelso Camilo Díaz Baliño,  
pintor, ilustrador e cartelista,

cortándolle, crueis, o seu camiño

triunfal, cunha maldade de loucura,  
onde o odio máis fero tivo niño.

Ós dous anos, tua nai na sepultura  
achou a paz que lle negou a Terra.  
Ela morreu da máis fonda tristura.  
Maldita sexa para sempre a guerra!

## Recordo

No corazón túa imaxe en ouro gardo,  
home inmortal, orgullo de Galiza,  
pois eu tras esta vida, vida agardo.

Túa loita foi tenaz pola Xustiza,  
sempre á beleza, á arte consagrado,  
revelador da Historia en nobre liza.

Da túa humildade non se dá contado.  
Iluminado de xenerosidade,  
ó ben viviches sempre dedicado.

Quiseches moi distinta realidade  
á que, cruel te condenou a vida,  
pero ti respondiches con bondade.

Xustiza, arte, verdade... a apetecida  
ruta foi na túa limpa executoria,  
sempre a alumar a meta perseguida.  
Sendo teu premio: admiración e gloria.

## Mimina

Buscando nesta vida ledo abrigo  
casas con Carmen Arias que é Mimina  
familiarmente, e sempre contigo.

Puro exemplo de entrega feminina,  
pintora e cartelista, que no Castro  
fai decorados que ela non asina.

Renuncia, humilde, a ser brillante astro  
nunha cerámica da meirande altura,  
que na arte deixou logrado rastro.  
Alto honor a súa entrega noble e pura.

Nai exemplar e esposa consagrada  
ós tres fillos e ó seu Isaac Díaz Pardo.  
Merece para sempre ser lembrada.  
Para ela a admiración máis fonda gardo.

## Remate

Fuches, sen selo, emigrante  
e exiliado voluntario,

puro exemplo solidario  
do teu único talante.

Santiagués universal  
e galego extraordinario,  
un exemplar empresario  
coma non hai outro igual.  
Un pintor excepcional,

debuxante, ceramista,  
ilustrador, xornalista.  
Dramaturgo orixinal.  
Un poeta ocasional  
e de cegos, cartelista.  
Un altruísta editor.  
Terra e teus, o teu amor.  
Un xenio renacentista!

*Os Tilos, 30/Abril/2.015*

---

## AS CUNCAS DA MEMORIA

*Por Helena Villar Janeiro*

Porque sempre buscamos cabo de Isaac memoria  
coa fe coa que se acode a un cenobita  
que é meigo de esperanzas  
no Templo de Monxoi.

Unha cunca con nome, un medallón lendando,  
por veces un debuxo ou unha praca en letra “castelao,”  
pedíamos daquela precisados  
de gardarmos lembranzas.

Creador de recordos cara adiante,  
notario de memorias cara atrás,  
Isaac foi para nós o gran antídoto  
do cruel esquecemento que se filtra  
nas regañas do tempo a destruír os signos.

Creaba Isaac obxectos para gardar memoria  
e era fonte manando ese milagre  
que alimentan devotos urdidores de fíos  
no tear dos recordos,  
e tamén compostores do discurso  
no tear das palabras.

E a por de crear cuncas e publicar papeis,  
Isaac dispuxo pontes sobre todos os ríos  
que querían deternos na súas augas turbias  
e carreiros de subir aos montes sacros  
que nos curutos gardan as verdades  
escondidas demais as máis das veces.

Hoxe estamos gardando a memoria de Isaac  
que alumou os camiños  
polos que atravesamos xuntos ou en soidade  
ata chegar de novo cabo del  
que nos fará unha cunca,  
un medallón lendado,  
unha placa con letra “castelao”  
librándonos da amnesia que atenaza o pasado  
para que non nos valla de temón do futuro.

*Cemiterio de Boisaca, 10-01-16*

# Subvencións da Agadic para 2016

***A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) unha primeira quenda das súas diferentes liñas de subvencións ao sector para 2016. Trátase de catro convocatorias que suman unha contía económica total adxudicable de 920.000 euros e que se dirixen en concreto á produción escénica, ás salas de titularidade privada, á promoción do talento audiovisual galego e aos festivais cinematográficos.***

Redacción.-

Coa publicación destas bases, que foron aprobadas na última xuntanza do Consello Reitor da Agadic, o organismo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comeza o seu próximo ciclo anual cara ao fomento das distintas actividades das industrias culturais galegas, co obxectivo xeral de contribuír á capitalización das empresas e ao financiamento dos seus produtos e servizos.

Esta serie de subvencións, que se rexen polo principio de concorrencia competitiva, será completada nos próximos meses con novas convocatorias destinadas a incidir

noutros aspectos ou fases da creación cultural profesional e da súa difusión entre o público, como serán a distribución interior e exterior de espectáculos, a produción e coprodución audiovisual, o desenvolvemento de proxectos audiovisuais ou a celebración en Galicia de festivais escénicos e musicais.

Seiscientos mil euros para produción escénica

A convocatoria para a produción escénica galega contempla calquera das súas disciplinas artísticas (teatro, danza, novo circo, maxia, etc.) e acoutase temporalmente para as montaxes que se



estreen entre o 1 de abril de 2016 e o 31 de marzo de 2017.

Establece catro modalidades, segundo sexan propostas procedentes de compañías de nova creación e que non superen os 20.000 euros de orzamento, espectáculos de pequeno formato (ata tres intérpretes) e que non excedan os 30.000 euros de orzamento, espectáculos de mediano formato (con entre catro e sete intérpretes) e que non contemplan máis de 60.000 euros de orzamento; e espectáculos de gran formato (compostos por máis de sete actores e actrices, manipuladores, bailaríns ou músicos en escena) e que non rebasen os 80.000 euros de orzamento.

En canto ás subvencións para a actividade e o funcionamento das salas de artes escénicas de titularidade privada, resérvase unha partida orzamentaria de 70.000 euros (co límite de concesión de 30.000 euros por cada entidade beneficiaria e ata o 50 por cento do orzamento do proxecto presentado). As persoas físicas ou xurídicas xestoras deste tipo de espazos, de non máis de 250 localidades de capacidade, teñen que presentar os seus proxectos de programación artística para 2016 xunto co resto da documentación requirida.

Un 16 % máis para festivais de cine  
No impulso do sector audiovisual galego como eido estratéxico céntranse especificamente dúas das resolucións feitas públicas hoxe, como son as dirixidas a festivais, semanas, mostras ou certames de cine de carácter profesional e mais as subvencións á creación para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego.

A convocatoria destinada a eventos celebrados en Galicia que teñan por obxecto a promoción e difusión da produción cinematográfica está dotada con 105.000 euros, polo que se incrementa nun 16 por cento a contía para a mesma finalidade de 90.000 euros disposta no presente ano 2015. Entre os requisitos para optar ás subvencións, están que estes festivais teñan lugar entre o 1 de novembro de 2015 e o 31 de outubro de 2016, posúan unha duración mínima de 4 xornadas con polo menos 20 proxeccións e teñan

realizado tres edicións consecutivas anteriores á publicación da convocatoria. Ademais, cómpre que a programación proposta conteña un 5% de títulos ou 5 sesións de filmes producidos en Galicia ou dirixidos por profesionais galegos.

Promoción do talento audiovisual  
Por último, as bases para a convocatoria de subvencións en 2016 á promoción do talento audiovisual galego, destina unha dotación total de 145.000 euros, co que se mantén a mesma contía asignada a estas axudas en 2014 e 2015 para a realización de longametraxes, así como para a escrita individual de guións e para a produción de curtas.

Os 145.000 euros previstos asignaranse a impulsar a escrita e a produción de 13 proxectos en versión orixinal galega. En concreto, 25.000 euros serán para contribuír á escrita de cinco guións, 30.000 euros para a produción doutras cinco curtametraxes e 90.000 euros para a realización de tres longametraxes por directores noveis.

Estas axudas ao talento buscan favorecer a incorporación de novos creadores á industria audiovisual galega, co obxectivo de promover a xeración de novas propostas narrativas de especial valor cinematográfico e de contribuír ao enriquecemento cultural do país mediante as distintas formas de expresión audiovisual.

O prazo de presentación de solicitudes para as catro liñas de subvencións iníciase mañá 29 de decembro e remata o 28 de xaneiro de 2016.

Tamén os premios dramáticos  
A Agadic tamén convoca hoxe no DOG as bases para as novas edicións dos premios Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, Manuel María de Literatura Dramática Infantil e Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques (modalidades de público infantil e adulto).

Estes galardóns, de periodicidade bial e cunha dotación económica total de 24.000 euros (6.000 para cada un deles e das súas submodalidades) teñen por obxectivo o estímulo da creación literaria galega no eido dramático. Para o caso dos premios, o prazo de recepción de textos orixinais prolongarase ata o 31 de maio de 2016.

5 xan, 2016



# Farolas literarias



66 farolas de Guitiriz e Parga sosteñen desde a tarde do sábado versos do grupo poético NPG Nova Poesía Guitirica, compostos polos seus 11 membros, dous poemas cada un deles.

Judiña de Lea, Mar Beres, Xosé Antón Cascudo, Luz Campello, Antón de Guizán, Adriana Quijada, Xelo Teijido, Jaki Quintela, Pas Veres, André da Ponte e Fátima Fernandez decidiron con esta iniciativa de arte de rúa efímera achegar a poesía a donde se atopa a xente de maneira cotián, nos núcleos das dúas principais localidades do concello.

Previamente mantiveron un xantar no que programaron novas iniciativas poéticas para o 2016 como recitais monográficos arredor de Manuel María,

poemas para o Entroido, publicación colectiva do grupo NPG, recitais en locais de hostelería, e abrir o grupo a outras disciplinas artísticas locais como a arte plástica e escultórica, a fotografía, música e audiovisual...

Iniciativas todas que buscan popularizar a poesía e sacala do armario do elitismo e das minorías para socializala e achegala a todo o público, ampliar os soportes clásicos a outros máis novidosos e rompedores.

Poemas heteroxeneos en estilos pero que no grupo poético conviven e suman co obxectivo de facer de Guitiriz un concello poético e contribuir a que a poesía se instale na normalidade.

*3 xan, 2016*

# Inauguración da sala de lectura "María Prieto"

O martes 29 de decembro tivo lugar a inauguración da sala de lectura "María Prieto Carreira", na Casa da Cultura de Vilalba. Leva o nome da nai de Darío Villanueva Prieto (Vilalba, 1950), actual director da Real Academia Española e ex-rector da Universidade de Santiago de Compostela, quen formalizou a doazón de 2.500 exemplares de libros e revistas literarias da súa biblioteca

persoal. No mesmo acto tivo lugar a presentación da páxina web do Certame Literario de Vilalba, que o ano pasado acadou a súa XL edición. O acto estivo moi

concurrido e contou coa asistencia de preto de cen persoas, entre os que se atopaba o cardeal Rouco Varela; o ex-alcalde e ex-presidente do Parlamento de Galicia, Xosé María García Leira; e o tamén ex-alcalde e actual parlamentario, Agustín Baamonde Díaz.

Nado en Vilalba no ano 1950, Darío Villanueva é na actualidade un dous principais teóricos e críticos literarios do Estado español. Fillo de asturiano e galega, a súa infancia transcurriu entre Luarca e Vilalba. Os seus estudos de bacharelato desenvolvéronse en Lugo, onde se trasladara a súa familia, que desde 1970 fixou definitivamente a súa residencia en A Coruña.

Este ilustre vilalbés é profesor da Facultade de Filoloxía da Universidade

de Santiago de Compostela, como Catedrático de Teoría da literatura e Literatura comparada. E desde 2007, pertence á Real Academia Española, ocupando o sillón da letra D; o seu discurso de ingreso, lido o 8 de xuño de 2008, versaba sobre "O Quixote antes do cinema".

É membro da Asociación Internacional de Hispanistas, da Sociedade Española de Literatura Xeral e Comparada -da que é Presidente-, da Asociación Española de Teoría da literatura (ASETEL) -que presidiu entre 1996 e 2001- da Sociedade Española de Semiótica e da Twentieth Century Spanish Association of America. Foi Secretario e

posteriormente Decano da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela entre 1978 e 1990. En xuño de 1994 produciuse a súa elección como Rector desta e en maio de 1998 a súa reelección para un segundo e derradeiro mandato de catro anos.

Asemade, Villanueva foi Profesor visitante da Escola española de Middlebury College (Vermont) en 1987; nos outonos de 1988 e 1993 da Universidade de Colorado en Boulder, a cuxo claustro pertence desde 1989 en calidade de Catedrático adxunto; e entre 1989 e 1991 da Universidade de Borgoña (Dijon). Durante máis de corenta anos escribiu en publicacións xeralistas e especializadas, destacando o seu labor como crítico literario do suplemento El Cultural do diario El Mundo.





# Xoán Xosé Fernández Abella e Baldo Ramos

***O vindeiro sábado, 2 de xaneiro, terá lugar ás 12 do mediodía na Casa da Cultura de Vilalba a presentación de dous libros do poeta Xoan Xosé Fernández Abella: Poemas de amor, loanza, condena e outros e Guardad mi voz, ámbolos dous editados en Compostela por Follas Novas con senllos limiares de Xesús Alonso Montero e ilustracións de Baldo Ramos.***



Redacción.-

O acto de presentación será toda unha festa en torno á poesía, pois nel participarán recitando poemas, xunto ao propio autor, Pilar Sampedro, Xulio Xiz e Baldo Ramos. Poderemos escoitar tamén as voces dos coñecidos antautores Miro Casabella e Manoele de Felisa, que musicaron varios textos do autor.

Ao mesmo tempo terá lugar a presentación da mostra pictórica do poeta e artista plástico de Celanova Baldo Ramos que leva por título "A árbore da cegueira" e que poderase ver nas dependencias da Casa da Cultura ao longo de todo o mes de xaneiro.



*Xoan Xosé Fernández Abella (Monforte de Lemos, 1933), mestre xubilado e licenciado en Dereito emigrou a Venezuela do 1966 ao 1972. Durante aqueles anos colaboraría en Caracas coa revista Irmandade e na emisión Sempre en Galiza da Radio Difusora Venezolana. Tamén foi colaborador habitual en La hoja del lunes e La Región de Ourense. Textos seus foron incluídos en 1957 na Antología Poética de Ediciones Rumbos de Barcelona. Alén diso, ten*

*publicado poemas e artigos en xornais e revistas como Ortegál, Ateneo Ferrolán, Poesía Galicia (Ferrol), Dorna, Encrucillada, Xistral, Irimia. Ten dado recitais individuais, por radio e televisión, e colectivos, en Venezuela, Galicia, Andalucía e Portugal. O seu "Canto á Terra" foi musicado por Martínez Vieito, e cantado pola soprano Dolores Cava, con López de Saa ó piano, no 1981 en Monforte. Na súa versión a cinco voces cantouno a Coral Polifónica Ortegana, dirixida por Hixinio Rodríguez López, no ano 1989 na Universidade Popular de Ortigueira. Do 89 ó 91 foi membro do Comité Organizador da Universidade Popular de Ortigueira e a súa labor está ligada tamén a diversas institucións como a Sociedade de Artistas Ferroláns, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a Fundación Castelao, a Fundación Alexandre Bóveda, etc. Ademais das dúas citadas ao comezo, entre as súas publicacións máis senlleiras destacan: Poemas galegos (1976), Espiguelo lírico (1990), Poemas estradenses (2005), etc.*

Baldo Ramos (Celanova, 1971) cultiva a súa vocación artística dende os 17 anos, cando comeza a escribir poesía. Remata a carreira de Filoloxía Hispánica na USC no ano 1994, na que tamén cursa o Doutoramento en Literatura Española e Hispanoamericana. Na actualidade adícase á docencia no Ensino Medio. Como poeta ten publicado os seguintes libros:



*Raizames (2001), A árbore da cegueira (2002), Los ojos de las palabras (2002), El sueño del murciélagu (2003), Diario de una despedida (2005), Escuro e transparente (2005), O ourego e o compás (2006, (1ª ed.)/ 2007 (2ª ed.)), Branco sobre negro (2007), Monólogo do calígrafo (2008), Palimpsesto (2009), Palabras para un baleiro (2009), A ferida de comprender (2011), Os ollos das palabras (en coautoría con Daniel Caxigueiro, 2012) e Onde beben os cervos que amansou o calígrafo (en coautoría con Carlos González Villar, 2014). Ten recibido os premios Celso Emilio Ferreiro, Rosalía de Castro, Concello de Carral, María del Villar Berruezo, Ciudad de Tobarra, Arcipreste de Hita, Fiz Vergara Vilariño e un accésit do Premio de Poesía Iberoamericana Víctor Jara.*

*A súa obra plástica ten sido exposta individualmente en galerías de Galicia, Portugal e Madrid. É autor de máis de douscentos libros de artista de exemplar único.*



### **Participan no recitado:**

*Pilar Sampedro, expresidenta da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX), ten colaborado en diferentes guías de literatura infantil galega e en diversas obras como: Cunqueiro (1991), Aproximación didáctica á obra de Avilés de Taramancos (1995), Avilés de Taramancos (2003), Avilés de Taramancos. A pasión pola terra (2003) e Francisco Añón: aproximación didáctica (2005), etc.*

*Xulio Xiz, xornalista e director de Ophiusa e Galicia Dixital, traballou en Radio Popular de Lugo (1968-1985) e na delegación de El Ideal Gallego en Lugo (1968-1985). Tamén dirixiu programas culturais na Radio Galega e colabora en Radio Popular de Vilalba.*

*Miro Casabella (Ferreira do Valadouro, 1946) é un músico galego vencellado nos seus inicios ao colectivo Voces Ceibes e máis adiante ao grupo de folk Doa. Ten publicado máis de media ducia de discos en solitario e uns cantos máis entre recompilatorios e colaboracións), destacando entre os primeiros: Tí, Galiza (LP, Ariola, 1977), Treboada (LP, Ariola, 1978) e Orvallo (CD, Picap, 2004).*

*Manoele de Felisa, é un cantautor galego con 5 discos editados homenaxeando a Galicia e tamén musicalizando a grandes poetas como Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro, ao seu veciño Roberto Blanco Torres, a Xosé Neira Vilas ou a María Mariño, entre outros.*

# Medrar, medrar...

*David Otero.-*

Medrar, medrar...  
non é a solución  
que é o problema.  
O afogo.  
Non lle digamos  
decadencia  
a poñer as cousas  
no seu lugar.  
Vivamos as conquistas,  
a prosperidade,  
sen medrar tanto.  
Nesa felicidade.  
Poñamos os límites  
frescos,  
os máis ecolóxicos,  
da natureza.  
Compartamos,  
no saber elaborado,  
as capacidades  
do Planeta.  
Exerzamos decididos  
o poder que temos  
nas nosas mans.  
Esa soberanía.  
A pola transición  
do valer dos pobos.  
Tezamos as redes  
do novo mundo.

POR UN ANO ACORDE CO QUE DESEXAMOS

# Finou Xosé Chao Rego



*Pedro de Roma. Foi profesor do seminario de Mondoñedo e párroco de Santa Mariña do Vilar en Ferrol (1959-1976), tras secularizarse foi profesor de instituto en Vilalba e a partir de 1982 en Santiago de Compostela. Foi un dos propulsores das revistas Irimia e Encrucillada e do movemento de*

Redacción.-

*Hoxe, 28 de novembro, pola mañá finou en Compostela o escritor Xosé Chao Rego (Vilalba, 1932).*

*Estudou filosofía en Salamanca e Madrid e teoloxía en Roma. Consagrouse sacerdote en 1956 na basílica de San*

*renovación cristiá e galeguismo que se artellou en torno a elas. É irmán do escritor residente en Francia Ramón Chao. Desde 2002 é socio de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Deixou unha abondosa obra, fundamentalmente no eido do ensaio.*

---

## Homenaxe a Pepe Chao Rego

*Helena Villar Janeiro.-*

*Palabras pronunciadas na inauguración do IX Hectómetro Literario, dedicado a Xosé Chao Rego no "Paseo dos Soños" (Vilalba, 19 de xullo de 2014)*

Para falar de Pepe Chao teño que remontarme a 1979, ano en que o coñecín aquí en Vilalba e nos levou á Chouzana. Alí preparabamos a miña participación da I ROMAXE DE CRENTES CRISTIÁNS na que se ían introducir novidades litúrxicas que incidirían na miña fe devota e tradicional. Ía ter a sorte de representar a Galicia na celebración eucarística onde o cura Raña e unha canción de roda de O libro de María sobre o conde de Fenosa, que Suso e eu fixeramos



para a nena –o único conde que coñeza, dixera Suso- co asulagamento de lugares e vilas de Galicia como protagonista, sería o canto coral do Ofertorio.

*“A casa de Chouzana”*

*Igual que na pasaxe de Emaús,  
ía eu cara a Chouzana cun Xesús escondido  
en solemnes roupaxes e pregos de artificio.  
Alí Pepe espurgábamo da metáfora escura  
e tomaba o sentido que perdera  
nos libros alterados.  
Eu sentíao entre nós,  
que viña presidir a mesa da palabra  
nunha liturxia viva en fraternal convivio  
falando a nosa lingua,  
sentindo a nosa chuvia,  
a calor ou o frío.  
Tamén estaba no verdor dos nabos  
ou no esplendor do trigo,  
na caída das follas  
e no espido.  
Dicía un “ecce mulier” tremecente  
e contaba comigo  
para ir falar da nova ao pedregal de Irima,  
nacemento do pai Miño  
e devolver aos crentes  
a frescura do rito.  
A casa da Chouzana  
o mesmo que Emaús, é lugar bíblico.*

Hoxe quero falar aquí coa voz deste poema datado nunha etapa importante das nosas vidas. Vai falar a muller como muller, ademais da amiga. Pepe Chao contou con todo o marxinal dunha Igrexa desfasada no tempo para elevalo á normalidade relixiosa: as mulleres, os homosexuais, a lingua dominada, a nación negada e o medio natural do que formamos parte. Foi un faro encamiñando a moita xente que agardabamos algo nunha época que fixo cambiar cousas, aínda que non todas nin como quixeramos. Pero aí estivo a súa voz, moi particular, entre outras moitas voces imprescindibles para unha reflexión actualizadora do Evanxelio. As mulleres debémoslle moito a esa xeración de “Encrucillada” que el axudou a construír.

Pero fago tamén aquí a conmemoración dun aspecto do traballo de Pepe Chao que é moi de salientar: a súa pedagogía como ensinante duna lingua problematizada nun centro no que a súa presenza de uso era meramente


testemuñal, o Instituto Rosalía de Castro de Santiago. Traio comigo, como adhesión a este acto, a palabra dunha das súas alumnas, aquela María do Cebreiro que coñeceu tan meniña cando el e o Suso opositaban xuntos a profesores: “Lembro o seu aire máis franciscano que apostólico entre as mesas de formica do Rosalía e a súa convicción (que comparto plenamente hoxe xa máis consciente) de que a aprendizaxe de calquera lingua se debe basear na motivación. Pepe Chao traballaba aí onde a política lingüística aínda falla e creo que entre o seu alumnado fixo moito máis ca esta pola valoración do galego como un patrimonio de todos e non únicamente dos que o falabamos na casa”. Esta valoración é compartida totalmente por seu irmán, Abelardo, e estou segura de que representa o sentir de moitísima xente que lle pasou polas mans.

Parabéns, Pepe, e grazas por tantas cousas importantes que trouxeches ás nosas vidas.

*Fotografía: Helena Villar Janeiro*



# Adeus a Xosé Neira Vilas



*Redacción.-*

O escritor Xosé Neira Vilas finou o 27 de novembro na súa vivenda de Gres, Vila de Cruces. O autor de "Memorias dun neno labrego" mantíña unha carreira literaria aínda en activo, acababa de presentar a súa última novela o pasado día 15 e o seu próximo proxecto era a estrea da adaptación teatral de "Querido Tomás", prevista para o vindeiro 8 de xaneiro en Santiago de Compostela. Neira Vilas estaba pendente de falar o premio Arume de poesía para nenos, que concede a fundación que leva o seu nome.

Neira Vilas naceu en Gres o 3 de novembro de 1928. Aos 21 anos emigrou a Buenos Aires, onde coñeceu á escritora cubana Anisia Miranda. O matrimonio desenvolveu unha intensa labor cultural vinculada a Galicia tanto durante a súa estancia en Buenos Aires como posteriormente cando se trasladaron a Cuba. Xa jubilados, instaláronse na

localidade natal de Neira Vilas en 1992, onde puxeron en marcha a citada Fundación Xosé Neira Vilas, unha das entidades máis dinamizadoras da comarca. Anisia Miranda faleceu en outubro de 2009.

Doctor Honoris Causa pola Universidade da Coruña, membro da Real Academia Galega, Premio da Crítica Española e da Crítica Galega, Medalla Castelao, Pedrón de Ouro, Celanova dos Poetas.... O autor do primeiro "best seller" gallego obtivo ao longo da súa traxectoria multitude de recoñecementos.

A homenaxe póstuma é no Panteón de Galegos Ilustres, onde o mundo da cultura e a política vela os seus restos mortais dende as seis da tarde de hoxe. O enterro terá lugar mañá ás 17:30 horas na súa parroquia de Gres (Vila de Cruces), onde o Concello declarou dous días de loito oficial.



# CONCENTRACIÓN CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA



*Redacción.-*

Moitos homes e mulleres da Terra Chá, unidos pola indignación de ver como a violencia machista suma novos asasinatos en moi poucos días, entenden necesario contribuir a visualizar o rexeitamento da sociedade chairega a esta traxedia mil veces repetida.

É hora de tomar de novo as rúas e prazas para amosar con contundencia que unha sociedade que se reclama avanzada e democrática, non pode aceptar nin unha muller máis asasinada. A situación é grave e debería ser catalogada como de alarma social ; desde que se contabilizan estas mortes, o machismo cometeu máis de 1300 asasinatos , máis que o chamado terrorismo político. No que levamos de ano máis de 50 mulleres, 6 en Galicia.

O 25 de novembro, Día da Non Violencia contra as Mulleres, tamén nas vilas e en toda a Chaira, e non só nas cidades, cómpre saír á rúa para berrar alto e claro que imos rematar con esta lacra social e esixir das distintas Administracións medidas encamiñadas ao illamento e desaparición dunha concepción patriarcal da sociedade.

É hora de que o conxunto da sociedade se pregunte que podemos e debemos facer para transformar este panorama porque este é un fracaso de toda a sociedade.

Por estes motivos, e en réxime de autoconvocatoria, fíxose unha concentración o día 25 de novembro a partir das 20.15 h na Praza da Constitución en Vilalba.

23 nov, 2015

# Homenaxe a D. Uxío García Amor

Redacción.-

O Instituto de Estudos Chairegos organiza para o vindeiro venres, día 27 de novembro de 2015, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, un acto de homenaxe a D. Uxío García Amor, sacerdote, músico e profesor, que se artellará tendo en conta o seguinte programa:

- PRESENTACIÓN DO SEU POEMARIO “VERSOS EN MI VIDA”, libro que, según palabras do propio autor, recolle “pequenas sementes que condensan as vivencias relixiosas e festivas polas que pasei, e que tiveren a oportunidade de cultivar co meu pobre carisma poético”.
- ACTO DE ENTREGA DA PLACA E DIPLOMA DE SOCIO DE HONRA DO INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS, tralo acordo to-mado por unanimidade na Asemblea Xeral Ordinaria que o Iescha levou a cabo o pasado mes de marzo.

No acto intervirán o propio homenaxeado, Uxío García Amor, Félix Villares Mouteira e Manuel Castro Santamariña.

## **UXÍO GARCÍA AMOR**

Sacerdote da diocese de Mondoñedo-Ferrol. O 19 de marzo de 1953 foi ordenado. Estudou Humanidades no Seminario de Mondoñedo. É licenciado en Filosofía e Teoloxía na Universidade Gregoriana de Roma e en Ciencias Bíblicas no Instituto Bíblico de Roma. Desempeñou os seguintes cargos: Superior e profesor no Seminario de Mondoñedo (1956-66). Mestre de Capela na Catedral de Mondoñedo (1956-71). Secretario xeral do Bispado (1966-80). Delegado diocesano de Cáritas (1964-70). Administrador diocesano do Bispado, sede vacante (1985-87). Vigairo xeral do Bispado (1987-93). Párroco das Pontes (1993). Director do Orfeón de Mondoñedo (1968-82). Profesor no Seminario de Mondoñedo (1956-80). Profesor na Escola Diocesana de Teoloxía e no Instituto Universitario de Ciencias Relixiosas. Traballou na acción pastoral como encargado de diversas parroquias rurais e como responsable das Delegacións do clero, Cáritas, Apostolado da Oración, Patrimonio Artístico... Dende hai varios anos exerce esta labor en Vilalba, onde tamén dirixe á Coral Polifónica Vilalbesa.

En xuño de 2011 foi nomeado polo Papa Prelado de Honor da Súa Santidade. Foille outorgado o título de Chairego de Honra no ano 2012 nun acto organizado en Vilalba pola Irmandade Manuel María e a AC Xermolos. Publicou numerosos artigos sobre temas bíblicos, estudos biográficos e algúns poemas.



# Vilaregos do ano



Redacción.-

Os Vilares, lareira de soños' destaca ás 19 persoas ou colectivos destacados do ano (ao igual que o pasado ano) pola súa relación coa parroquia:

Despois de ter destacado á Romaría Labrega da Chaira como "Trapeiro de Honra 2015" no 25 cabodano da súa andadura e polo tanto para ela o maior recoñecemento deste ano, agora nomeamos outros persoeiros, colectivos, lugares ou iniciativas destacadas da parroquia neste 2015 que está para rematar.

Entre elas atópase Luz Campello, de Labrada pero con orixes vilaregas, autora do poemario "inventario do prohibido" editado este ano por Espiral Maior.

A listaxe de persoeiros destacados este ano increméntase con Manuel de Lea, veciño nativo dos Vilares hai 93 anos, residente en Momán, polas súas valiosas aportacións ao libro e proxecto dos Vilares.

Raúl Río como mellor no apartado audiovisual, polos seus numerosos videos da actividade da parroquia. No caso de mellor artigo xornalístico, Xulio Xiz pola súa crónica do XXV cabodano do pasamento de Díaz Castro no Galicia Dixital e no Xornal de Lugo. A distinción como mellor valedor dos Vilares a nivel social, a Man Castro xornalista ferrolán de orixe vilarega que leva a parroquia como bandeira alí onde se atopa.

O mellor discurso recae, en Armando Requeixo pola seu "manifesto da Nova Poesía Guitirica" publicado en Criticalia e lido na igrexa dos Vilares.

Noutro eido, destacamos novamente Joserra Quintela como mellor deportista polos destacados triatlóns e probas de resistencia realizadas, especialmente a de longa distancia das Pontes, na que acadou un destacado 19 posto entre especialistas de todo o estado.

Moza vilarega do ano, Judiña de Lea, poeta, estudiosa da nosa historia, comprometida coa parroquia e todo o que representa.

Como mellor empresa a cooperativa CODEGUI dos Vilares con instalacións no Merendeiro e Guitiriz e por ser un verdadeiro hipermercado para a parroquia.

En iniciativas emprendedoras, o I Premio de Poesía Díaz Castro, convocado polo Concello de Guitiriz.

Lugar do ano, a Pena de Roldán, lugar mitolóxico vilarego recollido nos mitos da Galicia Encantada de Reigosa.

Monumento ou elemento patrimonial destacado, este ano resaltamos os cobertizos da feira do Sete, nas Reixas como reclamo para a súa restauración dado o seu deterioro e abandono.

No eido cultural cremos que a mellor organización dun evento foi desenvolva por Pastora Veres na xuntanza da Memoria Viva na que participaron 40 maiores vilaregos intercambiando historias e memoria da parroquia na escola da Conchada.

O recoñecemento a mellor iniciativa cultural recae na ceación do grupo poético NPG Nova Poesía Guitirica, creada nos Vilares e composto maioritariamente por poetas dos Vilareg@s.

No apartado de personaxe destacada da historia vilarega, este ano recoñecemos a Nicolás Castro, coñecido como Nicolás dos Manchás, persoa de moita influencia na parroquia entre finais do s.XIX e comezos do s.XX.

No apartado do coñecemento, José Luís Teijido Comba, Luís de Fabete, grande coñecedor do territorio dos Vilares, necrsario para calquer consulta da parroquia que sempre atende coa súa tradicional bonomía.

Como mellor asociación ou entidade, a Comunidade de Montes en Man Común dos Vilares pola súa actividade e iniciativas e a importancia na directiva galega de comunidades de montes.

E tamén o noso recoñecemento aos finados este ano da parroquia entre eles a colaboradores do noso proxecto como Pilar Losada, Antón María Villar Cancelo ou Isaura da Cotena...



# Bendita radio

*Iván García Calaza.-*

Hai unha semana París deixou de ser a capital de Francia para ser a “capital do mundo”. Os acontecementos, xa coñecidos por todos, levan unha semana abrindo os telediarios e protagonizando as portadas dos xornais en España. Non obstante, na noite do venres 13 de novembro a maioría das televisións españolas pasaron por alto a nova e seguiron ca súa programación habitual.

Menos mal que estaba a radio para contalo. Unha vez máis. Para organizar, analizar e informar nunha noite de desconcerto. Onde as informacións viñan polo vento e marchaban polo aire. Si, a radio. Aquel medio que daban por morto ca chegada da televisión. Mais non. A radio soubo reinventarse a si mesma e non perdeu azos. Ao contrario. Non hai ningún medio que o faga coma ela. Mentres vas no coche camiño da casa ou cando estás preparando o xantar. Un medio insubstituíble. Ademais, modernizouse. Aproveitou as posibilidades que da a rede para potenciar os seus contidos e facilitar a escoita aos seus oíntes.

O outro día, tomando un zume de laranxa na casa de miña veciña Marisa falamos da radio. Contoume a primeira vez que vira este aparello na súa parroquia natal, Carballido (Vilalba). Trouxérao o Darío do Pombeiro nunha das súas vacacións, xa que el vivía en Madrid. Recordo como todo o barrio se xuntou para ver o novo instrumento. A Marisa lembra como os cativos fochicaban no trebello para descubrir de onde viña aquela voz. Foi o primeiro capítulo da historia da radio pola zona. Un medio que chegou para quedarse. E que contribuíu o progreso da nosa sociedade. Unha historia que escribe todos os días sen perder a súa esencia.

Nos últimos tempos, a radio tamén se usou para tentar asustar o xabarín nas leiras de millo. Digo tentou porque, ao parecer, o xabarín converteuse nun oínte máis. No canto de afastarse, aínda se achegou máis a ela. Debeu quedar impresionado pola maxia da radio. Espero que non lle pase coma min e se quede durmindo escoitándoa.

21 nov, 2015

# Xurxo Souto e os “Contos do Mar de Irlanda”

Maná xoves, ás 20 horas, terá lugar en Outeiro proxección do “Dos gaiteiros presentación “Contos do Mar cargo de Xurxo Coruña, 1966), polifacético: acordeonista, director e

Un día Xurxo terrible falta de pesar de vivir barco, A Coruña, lle tiña falado Decidiu facer preguntar. E o océano por currunchos. descuberta do Mar de deste libro, un “Dos gaiteiros realizado na Martín Rodas e Lavesedo.

“Océano para unha sesión de iniciación atlántica. Inclúe, alén da proxección, un espectáculo radicalmente interactivo, porque os asistentes coñecen e –inmediatamente- interpretan cancións que naceron no Gran Sol e Terranova. Corpus sonoro da Galicia do mar que comeza a arribar a porto.

Até o momento Souto ten realizado unhas setenta representacións por todo o país. Tamén en xeografías máis distantes como Lisboa, Bruxelas ou Barcelona. Agora –con humildade e vehemencia- recala na casa do autor de “Mar Maior, o poeta Manuel María.

Da Coruña á Terra Chá, MEDRE O MAR!



20 horas, terá de Rei a documental do mar” e a musical de de Irlanda”, a Souto (A artista cantante, escritor, actor, locutor.

sentiu unha ignorancia. A nunha cidade-nunca ninguén do mar. algo elemental: axiña apareceu todos os Desta xurdiu “Contos Irlanda”. E documental do mar”, compañía de Daniel

terrícolas” é



# David Otero, Chairego de Honra

Redacción.-

O sábado pasado 7 de novembro, a Irmandade Manuel María e a Asociación Xermolos nomearon a David Otero, escritor e colaborador de A Voz de Vilalba, “Chairego de Honra”, un recoñecemento polo seu labor de espallador das esencias da Terra Chá por



todas as comarcas do país. Os actos comenzaron, ás 12, na Casa da Cultura de Vilalba, cunha Táboa Redonda na que interviron Helena Villar, Xoán C. Garrido, Heitor Picallo, Mini e Mero, Xabier P. Docampo, Alfonso Blanco e Xulio Xiz...

Imaxe: Heitor Picallo

9 nov, 2015

---

# Presentación de Cerna de Carballo

Redacción.-

A Asociación Cultural Xermolos, a Irmandade Manuel María e o Instituto de Estudos Chairegos presentaron ontevenres, día 6 de novembro, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, o libro: CERNA DE CARBALLO, Xosé Manuel Carballo Ferreiro visto por 200 amigas e amigos.

No acto, que foi presentado polo presidente do Iescha, Manuel Castro Santamariña, interviron tamén o propio Xosé Manuel Carballo, Xulio Xiz, Alfonso Blanco, María Xosé Lamas, Xosé Antonio Pombo e Antonio Domínguez.

Neste libro CERNA DE CARBALLO, publicado en homenaxe ao crego,

ilusionista, profesor e escritor Xosé Manuel Carballo Ferreiro, participan duascenas persoas a través de 162 colaboracións, proporcionando unha ben variada visión da súa vida e obra. Escritores, xornalistas, profesores, debuxantes, magos, antigos compañeiros, cregos, fregueses, veciños e sobre todo amigas e amigos expresan a súa admiración e o seu agarimo pola persoa e pola súa dedicación aos demais a traveso das súas múltiples facetas vocacionais, artísticas e persoais. Esta publicación foi coordinada por Xulio Xiz, e editada pola Asociación cultural XERMOLOS e a IRMANDADE MANUEL MARÍA DA TERRA CHÁ

7 nov, 2015



# A biblio teca, lugar de saber e facer

David Otero.-

Lugar de saber porque alí nese espacio, controlando sempre por onde está a saída, coa mesma claridade de como entramos, imos todas e todos polos camiños que nos explican os nosos desexos. Imos cos amores fáciles e tamén cos difíciles. Atopámonos. E alí explicámonos podendo sufrir alegremente moitas metamorfoses. Alí podemos viaxar ás orixes e coñecer segredos de todos os tamaños e de todas as formas. Alí sentimos o amor doce da

lectura. Da lectura que nos busca por todos os lugares da man dos soportes que alí hai ( sobre todos os libros). Nese taller de soños, díghoche, que a lectura nola poñen doada. E nola poñen , no ler primeiro e no reler, as bibliotecarias, os bibliotecarios, as bibliocolaboradoras, os bibliocolaboradores, Todo a unha oferta xenerosa, curiosa, preciosa...amorosa. In situ e on line. E é así porque alí na lectura como bomba de reparación intensa , anunciando e denunciando, escribindo e reescribindo nos nosos pensamentos, recreando e creando, na forza e sinxeleza de todo o que vivimos, debuxamos imaxes multiplicadas, portentosas ou espantosas. Sempre maravilosas.

Lugar de facer porque alí xogarás seriamente sen pretensións de lle gañar a ninguén. Sen romper con ninguén. Farás dos desexos unha necesidade interior. Buscarás sempre e moitas veces atoparás algo porque alí están os libros eses soportes inmedibles para vivir as vidas que queiramos porque cos libros teremos e notaremos presenzas, recordos e ausenzas. Cantos modos de ver... !. E sempre costa arriba ou abaixo, sen ou con freos. Como amantes. Pois cada quen é quen é... para ser mellor, para non falsear nada, pois afondamos nas nosas emocións a toda pastilla coas autoras e cos autores para vivirmos intensamente nos libros os acordes das palabras activadas polas forzas das nosas lecturas. Abrázanse os corazóns. E cantas mentiras maravilosas confesamos... !  
Na Biblioteca o noso mundo non se acaba. Sempre haberá unha lectura útil. Mesmo cando peches o libro na segunda páxina porque non che gusta. Pero...hai que ver como quedarán os libros logo de lelos...!

7 out, 2015

# Portas abertas na Casa-Museo Manuel María

Redacción.-

“Axudar a deseñar unha boa visita escolar á Casa-Museo Manuel María e á súa contorna, tirándolle o mellor rendemento posíbel”. Eis o obxectivo da xornada informativa de “portas abertas” que a Casa-Museo do escritor de Terra Chá ou Os soños na gaiola programa para este sábado 3 de outubro a partir das 10.30 da mañá. A iniciativa está especificamente dirixida ao profesorado de todas as etapas do ensino, en especial ao de departamentos de Lingua Galega, equipos de dinamización lingüística, aos responsábeis das saídas escolares ou ao dos clubs de lectura das bibliotecas.

A xornada, que se desenvolverá en horario de mañá e de tarde, incluírá visitas guiadas á Casa-Museo, coa fin de coñecer como se desenvolven habitualmente e como se poden adaptar a cada etapa escolar, e un achegamento aos diferentes recursos didácticos que o espazo ofrece como complemento, desde a música, o audiovisual ou as TIC até as posibilidades que a palleira, a aira ou a horta da Casa de Hortas ofrecen como espazo de xogos ou actividades que os mesmos centros poidan preparar previamente na aula.

A actividade incluírá tamén a visita a algúns dos espazos da contorna da casa natal que foron escenario esencial na vida ou na intimidade poética de Manuel María e conforman parte do seu universo literario máis persoal, o que el definía como a “tribo” de Outeiro de Rei: a Carballeira da Santa Isabel, a fonte comunal ou as Penas de Rodas. Xa de tarde, visitarase a olaría de Bonxe, derradeiro exemplo da cerámica artesá da Terra Chá, ou a Lagoa de Cospeito, a quen Manuel María dedicou un poemario completo: Poemas para dicirlle a dúas lagoas (Espiral Maior, 1994). Trátase de toda unha proposta de roteiro a través da que coñecer a rica biodiversidade chairega en diálogo directo coa obra do escritor ao que se dedican as Letras Galegas de 2016.

O profesorado interesado en participar na xornada ou en recibir máis información pode dirixirse ao teléfono 698 177 621 ou escribir ao correo-e [HYPERLINK "mailto:contacto@casamuseomanuelmaria.gal"](mailto:contacto@casamuseomanuelmaria.gal)contacto@casamuseomanuelmaria.gal.

1 out, 2015

# Homenaxe a Ramón Piñeiro en Lugo

Redacción.-

A cidade na que descubriu a literatura galega e medrou o seu sentimento galeguista, sendo aínda un adolescente, acollerá o vindeiro martes, 29 de setembro, a homenaxe da Real Academia Galega a Ramón Piñeiro no centenario do seu nacemento. A figura e as achegas de quen foi un dos principais artífices da reconstrución cultural galega da posguerra serán analizadas nunha mesa redonda co profesor da Universidade de Vigo Xosé Manuel Dasilva e os académicos Andrés Torres Queiruga e Henrique Monteagudo.



O presidente da RAG e autor da biografía Ramón Piñeiro ou a reinvencción da cultura galega, Xesús Alonso Montero, actuará como moderador do acto dedicado ao intelectual, que se converteu en membro de número da RAG en 1967 nunha cerimonia de ingreso na que leu o discurso A lingoaxe e as línguas. Organizada coa colaboración do Concello de Lugo, a mesa redonda desenvolverase a partir das 19.30 horas no salón de plenos municipal.

O profesor Dasilva, que publicou, entre outros traballos sobre o homenaxeado, Ramón Piñeiro e a prohibición de traducir ao galego e Proceso e encarceramento de Ramón Piñeiro, 1946-1949, participará cunha intervención titulada Achegas documentais para a biografía de Ramón Piñeiro. Torres Queiruga abordará o "compromiso integral e integrador" do intelectual e Monteagudo, as súas contribucións no campo da lingua, unha preocupación constante de Piñeiro, que tivo un papel protagonista na Lei de Normalización Lingüística de 1983.

A mesa redonda forma parte das Xornadas na honra de Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, Xaime Isla Couto e o propio Ramón Piñeiro que a RAG celebra este mes no centenario do nacemento destas tres importantes figuras da cultura galega do século XX.

27 set, 2015

## Actuación pouco afortunada da TVG



*Alfonso Sánchez Izquierdo, director xeral da CRTVG recoñeceu o pasado xoves en comisión parlamentaria que a cobertura da manifestación do pasado día 3 en contra da privatización do hospital de Vigo "non foi unha actuación afortunada" dos servizos informativos da televisión pública.*

A pregunta da deputada do BNG Montse Prado, o máximo responsable dos medios públicos galegos dixo que a manifestación de Vigo "non foi unha actuación afortunada dos servizos informativos", aínda que rexeitou interferencia algunha e achacou o problema

á coincidencia co informativo da tarde e a un "erro" na estimación da envergadura, como apostilou que, na súa opinión, lle pasou ao conxunto dos medios.

En canto ás dificultades técnicas da coincidencia co informativo, recordou que durante a súa emisión, había que gravar, editar, introducir texto en off e os "insertos" e enviar a peza, polo que insistiu en que "a hora non era o ideal" para esa cobertura. O director xeral admitiu que a deputada podía responder que ese traballo debía estar planificado, o que considerou "de caixón", pero tamén admitiu que "non houbo de entrada unha estimación" da envergadura da manifestación, o que non dubidou en cualificar de "erro por culpa nosa", porque os informadores teñen a obriga de anticiparse.

Explicou que a percepción da magnitude da marcha "percibiuse" minutos antes do informativo, cando xa era tarde "para endereitar o déficit", pero posteriormente a TVG tratou de "enriquecer" a información, como xa se fixo esa noite na páxina web e, a partir de aí, nos seguintes informativos, con análises, debates e a continuidade noutros programas.

Para argumentar que non houbo interferencias na elaboración da información, Sánchez Izquierdo referiuse ás "servidumes" da TV e resaltou que a Radio Galega si manexara ben o traballo, o que exclúe que a mala cobertura da primeira fose debida a intereses alleos á información porque, nese caso, ocorrería tamén coa radio. No mesmo sentido apuntou a cobertura das tractoradas, con 247 informacións en agosto, en 200 das cales interviñan os propios produtores, e 25 conexións en directo.

O director da CRTVG lamentou que o debate sobre os medios públicos se limite a se hai manipulación ou non, porque, se é "agradecido desde o punto de vista político, compadécese mal coa realidade", sinalou. Así, manifestouse máis preocupado polas carencias en formación técnica especializada, o coñecemento das fontes, a adaptación ás novas esixencias dos mercados, aos novos soportes ou aos conflitos de intereses. Sánchez Izquierdo considerou que "é aseado o respecto aos criterios de imparcialidade" na TVG, da que dixo que, "de todos os públicos do Estado é, con moito, a que dá as mellores prestacións nese terreo".

Montse Prado, na súa segunda intervención, acusou o director xeral de ser "unha vez máis decepcionante" e apuntou que podía aceptar o dos problemas técnicos para a cobertura do día 3, como aceptar -chanceou- polbo como animal de compañía, perorexeitou que a cobertura fora a adecuada nos días seguintes e citou que os días 4, 5, 19, 21, 22, 23 e este xoves mesmo só apareceran sobre este asunto o Goberno e o PP. Tras referirse a outros asuntos de falta de imparcialidade, como a frecuente presenza do candidato do PP en Cataluña, onde é a cuarta forza política, a deputada preguntoulle ao director xeral se é este partido quen paga os medios públicos ou son os cidadáns. Iso deulle pé ao director xeral a afirmar que ten claro a quen se debe, "aos cidadáns", e a subliñar o seu empeño en non deixarse influír por grupos políticos, sindicatos, grupos profesionais, provedores "e a infinidade de axentes que se moven ao redor (da CRTVG)", o que concluíu que "non é tarefa fácil".

26 set, 201

# RAMÓN CHAO CHEGA AO PASEO DOS SOÑOS

*O escritor e xornalista Ramón Chao (Vilalba, 1935) recibirá o vindeiro 28 de agosto unha homenaxe popular na súa vila natal, como recoñecemento á súa traxectoria vital e profesional. O acto terá lugar no Paseo dos Soños da capital chairega, comezando ás 12 horas coa recepción que lle farán amigos e vecinos no Muíño do Rañego, onde se celebrará unha mesa redonda na que intervirán os representantes das entidades promotoras: Afonso Blanco Torrado (Asociación Cultural Xermolos); David Otero (Irmandade Manuel María da Terra Chá); Moncho Paz (xornal A Voz de Vilalba); Manuel Castro Santamariña (Instituto de Estudos Chairegos) e Juan Luis Pérez Alvajar (Ateneo Republicano de Galicia). O evento, que será conducido polo xornalista Xulio Xiz, conta coa colaboración do Concello de Vilalba.*

O Comité Organizador especial o feito de que xuntanza de varias recoñecemento da París desde mediados perdeu o contacto coa permanente e da nosa lingua, como súa obra.

A continuación, os Ramón Chao (ao son da frauta traveseira de Galego) ata a escultura que quedará para paisaxe no Hectómetro Este encontro arredor Vilalba sempre estivo presente- rematará cun xantar de confraternidade no restaurante A Nova Ruta; neste senso, a organización aconsella efectuar reserva previa no teléfono 646 413890.



quere destacar de xeito moi nesta ocasión se produza a asociacións para darlle pulo ao figura de Chao, afincado en da década de 1950 e que nunca súa Terra, facendo unha reivindicación da nosa cultura queda patente no conxunto da

asistentes acompañarán a música de Mini e Mero, da Luis Soto e da gaita de Raúl conmemorativa -obra de Valdisempre formando parte da Literario do Paseo dos Soños. do escritor e a súa obra -onde

Ramón Chao naceu en Vilalba en 1935 e criouse tocando o piano na fonda que rexentaban os seus pais, onde adoitaban parar figuras como Cunqueiro. Sendo bolseiro polo Concello de Vilalba e a Deputación de Lugo, trasladouse a Madrid para estudar piano, harmonía e bacharelato. De Madrid foise a París cando tiña vinte anos, con outra bolsa do Goberno español. Na capital francesa fíxose xornalista, entrando a traballar en Radio France “porque falaba galego”, segundo confesa, “pois buscaban un locutor que soubera música e portugués”.

En París, Ramón Chao dirixiu emisións radiofónicas na nosa lingua, que serían prohibidas por Franco, e foi correspondente da revista Triunfo. Tamén traballou na prensa e na televisión francesas e foi nomeado Cabaleiro das Artes e das Letras polo Goberno de Francia en 1991. Destacou como crítico Literario en Le Monde e polas súas colaboracións en Le Monde Diplomatique, publicación mensual dirixida polo xornalista Ignacio Ramonet. Conta no seu haber con máis de vinte libros, entre novelas e biografías, un deles escrito en galego, O Camiño de Prisciliano, con cuberta deseñada polo artista Miquel Barceló. Asemade, a súa novela El lago de Como, publicada en 1982, foi traducida ao galego en 2008. Na actualidade é o presidente da Asociación de Amigos de Prisciliano.

Noutra orde de cousas, dicir que o escritor chairego afincado en París- e pai do cantante Manu Chao- tamén será recibido o xoves 27 no Concello de Compostela polo seu alcalde, Martiño Noriega. O encontro terá lugar no Pazo de Raxoi ás 9:30 horas da mañá.

25 ago, 2015

# Presentación de 'Vilalba e a Terra Chá'

Redacción.-

O venres, día 28 de agosto de 2015, ás 20:00 horas, no Salón de Actos da CASA DA CULTURA de VILALBA, levarase a cabo a presentación do libro “VILALBA E A TERRA CHÁ –Acuarelas”, editado polo Instituto de Estudos Chairegos e do que é autor o pintor vilalbés EDUARDO BAAMONDE. O libro está incluído no convenio que o Iescha asinou no seu momento coa Área de Cultura e Turismo-VicepresidenciaPrimeira da Deputación de Lugo para desenrolar no presente ano 2015.

No acto intervirá o propio autor da obra, EDUARDO BAAMONDE, que será presentado pola vicepresidenta do Instituto de Estudos Chairegos, MARISA BARREIRO.

Esta publicación enmárcase dentro dun proxecto editorial de carácter promocional e divulgativo do xénero coñecido como “Cadernos de viaxe”, nos que o contido é fundamentalmente visual e froito da observación directa a pé de rúa. Trátase de trasladar ao soporte de libro un percorrido artístico pola Terrachá e, especialmente, por Vilalba. A intención é trazar unha guía de localizacións de interese patrimonial, paisaxístico, arquitectónico e, en definitiva, cultural desta comarca a través de bosquexos feitos en acuarela. Paralelamente aos fitos de maior interese turístico – sobradamente reproducidos en fotos, vídeos, etc.- engádense outros recantos menos coñecidos que, sen dúbida, axudan a retratar unha terra, os seus traballos, os seus produtos e a as súas xentes.

Tanto os debuxos como as acuarelas deben mostrar un aire de espontaneidade propio dos apuntes sacados do natural. Pequenas improntas realizadas in situ e escenas sinxelas froito dunha rápida

observación que nutren un caderno que o artista vai configurando a medida que percorre a súa viaxe.

23 ago, 2015

---

## II Certame M<sup>a</sup> José Vázquez Verdes

Redacción.- As Xuventudes Socialistas de Vilalba veñen de facer público o fallo do xurado do II Certame M<sup>a</sup> José Vázquez Verdes, proclamando a Vanesa Otero Orosa como gañadora na categoría xeral co seu relato “Vida por vida”. Pola súa banda, Inés Poupariña Naseiro faise co premio na categoría infantil polo relato “Tempo de desconto”.

Nesta segunda edición do certame publicaranse nun libro un total de seis traballos finalistas xunto cos dous relatos gañadores de ámbalas dúas categorías: “É igual” de David Sobral; “About the motel, dear” de Manu Gil; “Os ollos dos espírito”, “A encrucillada do tempo” e “Feireante de palabras de fume” de Isabel Blanco; e “A casa encantada” de Zaida Currás. A data da entrega de premios e da publicación do libro están aínda por confirmar.

Os rapaces e rapazas da agrupación vilalbesa agradecen a todos os participantes a súa contribución a este certame e á cultura galega, xa que en palabras do secretario xeral Rodrigo Pavón “todas as obras presentadas fan que a nosa cultura medre e certifican que nunha vila como a nosa a creación literaria precisa ter o protagonismo que merece”. Ademais, agradecen a colaboración dos membros do xurado: o xornalista Moncho Paz; a profesora no IES Basanta Silva, Carmen Cabaneiro; e o membro da directiva do Instituto de Estudos Chairegos, Chema Felpeto.

8 ago, 2015



# Romaría? Labrega? Da Chaira?

Antón de Guizán.-

***Levo varios anos asistindo á Romaría Labrega da Chaira nos Vilares, en Guitiriz. Este mesmo ano leva cumprido 25 edicións, o que non é pouco e polo tanto tremendamente meritorio nos tempos que corren.***

A Romaría ten acadado un éxito importante desde a súa creación aló por 1990, no mesmo ano do pasamento do poeta vilarego Xosé María Díaz Castro e por ela pasaron numerosos grupos do noso folclore, importantes pregoeiros e sobre todo, recrearonse numerosas tarefas e xogos do rural chairego que fixeron as delicias dos asistentes ao longo dos anos como así reflexa a

memoria gráfica e o boca a boca dos veciños.

Eu, asistente tardío, xa non vivín ese esplendor nos últimos anos, e aínda así, son testemuña directa dunha paulatina decadencia desta festa etnográfica e cultural.

Xa non vivín a recreación das mallas, as familias que asistían ao xantar campestre foron diminuindo e os xogos tradicionais foron deixando paso a

colchonetas, inchables e mesmo xogos de espuma algún ano para os máis cativos.

Non hai exposicións de oficios tradicionais, teñen traído exhibicións de cans de pastoreo de ovellas e patos de Navarra, de pouca tradición na Chaira, exhibicións de todo terreos 4x4 no monte e mesmo as segadoras deixaron de ruxir por falta de participantes. Non hai gaiteiros e a música tradicional foi suplantada por dúos máis apropiado para ceas baile de restaurante que para un evento ligado ao medio rural.

Quedan só concursos de cans, de Segade gadaña e poucas máis actividades que teñan que ver coa tradición labrega e chairega, mesmo teñen desaparecido concursos sinxelos como os de tirar da corda, carreiras de sacos ou os que se viron algún ano de apuxar rolos de herba.

A asistencia non a motiva a Romaría en si senón actividades moi concretas como as carreiras a pé de atletas que rematada a proba marchan de contado e o mesmo ocorre coas competicións de cabalos ou as dos 4x4 no monte.

A Romaría vai polo tanto deixando cada ano de ser Romaría, deixando de ser Labrega e deixando de ser Chairega no sentido tradicional da Terra Chá.

Mentras, vemos como noutros lugares gañan arraigo as celebracións máis vinculadas á terra, ao rural, á tradición e á cultura propias...

Este ano a Asociación de Veciños ten solicitado a declaración de festa de interese turístico mentras ese posible interese decae polo abandono das orixes desta festa popular máis pendente de acadar público circunstancial organizando espectáculos de dubidoso encaixe na filosofía dunha celebración de carácter tradicional bebedora da desaparecida Feira do Sete e da historia e culturas chairegas.

Hoxe, o que en boa lóxica debera contar con exhibicións de oficios labregos, xogos populares para nenos e maiores, concursos do campo e mesmo promover a participación activa de tódolos veciños orgullosos da súa parroquia, tense convertido nunha carreira atlética federada, de hípica, de vehículos que destrozan o monte e de música de

bachata ou hinchabeis que os máis cativos poden atopar en calquer festa. A cultura, a tradición, a etnografía chairega, deixaron paso á mediocridade e a vulgaridade e o interese turístico resulta máis que dubidoso.

Aínda, despois de 25 meritorios anos de existencia se pode mudar o rumbo e beber do pasado da Romaría Labrega da Chaira para retomar un futuro esplendoroso doutros 25 anos volvendoa necesaria, porque agora mesmo tense convertido en prescindible.

Visitantes tan importantes como Manuel María, pregoeiros tan admirables como Xulio Xiz, Tareixa Novo, Luís de Patricio, Marica Campo, o mesmo Segundo López e outros moitos e participantes de grupos como os Diplomáticos de Monte Alto, os Cuchufellos, Leilía e membros de numerosas agrupacións tradicionais etc, serían partícipes deste cambio e por suposto os máis importantes, numerosos veciños e veciñas que deixaron de encher a carballeira para o xantar campestre de ducias de familias en convivencia e alegría.

Contanme algúns veciños de tempos nos que era difícil coller sitio para xantar e hoxe o panorama antóxase moi diferente. A asistencia ao xantar (verdadeira medida dunha romería popular) agás actividades puntuais de certos espectáculos decaeu cada ano e o interese parece máis posto en ideas alonxadas da filosofía orixinal que no propio nome e concepto da Romaría Labrega da Chaira.

Tentar competir e amitar festas que non teñen nada que ver e non apostar pola idea na que foi concebida, pode levar á desaparición ou o que sería peor, à homologación con calquera festa parroquial sin máis interese que para os propios organizadores e o seu entorno máis achegado.

A Romaría Labrega da Chaira merece recuperar a súa identidade, a súa razón de ser, e toca xusto agora, no remate dun cuarto de século que supoña unha renovación que bebe das raíces, do máis fondo do respecto ao que somos, do respecto e admiración a nós mesmos, á orixe Labrega, chairega e galega. Doutra maneira, non paga a pena.

23 ago, 2015

# Número 27 de DARDOMagazine

Redacción.-

DARDOMagazine dedica este número 27 á cor como protagonista absoluto da obra de arte. Grandes pezas de grandes artistas contemporáneos están a demostrar que a pesar de estar inmersos nunha época na que o postconceptual e o efectismo compiten a partes iguais, a cor segue sendo obxecto de desexo, de estudo e de goce artístico. Por este motivo dedicamos este número á cor, fixándonos nas propostas de artistas, arquitectos e deseñadores que o entenden como medio de transmisión de emoción e como un dos compoñentes fundamentais da linguaxe da arte.

Neste percorrido DARDOMagazine buscou na nova arquitectura española dalgúns dos estudos máis innovadores do noso país analizando obras de Pancorbo Arquitectos, Langarita-Navarro, AMID (Cero 9) Architects ou SelgasCano entre outros. Tamén falamos con algúns dos pintores españois máis interesantes das súas respectivas xeracións e preguntámoslles sobre a súa idea de cor, o seu enfoque e sobre a importancia de leste na súa pintura. Así, Teo Soriano, Antonio Ballester Moreno, Pere Llobera, Prudencio Irazabal, Nico Munuera, Carlos Maciá ou Irene Grau contáronnos as súas vivencias sobre a cor. A arquitectura de Peter Zumthor foi visitada e revisada polos membros do internacional estudo de arquitectura SCA e analizamos a obra do alemán Tobias Rehberger e do portugués João Penalva. Na nosa sección BITS achegámonos como sempre ao deseño contemporáneo nas súas múltiples vertentes e facémosvos recomendacións para non perderse e por último, entrevistamos a Sonya Dyakova, unha das novas deseñadoras editoriais máis importantes das últimas décadas no ámbito internacional.

DARDOMagazine 27 xa está dispoñible en librarías especializadas e na nosa tenda online dardostore

CONTIDOS:

## DARDO magazine

ARQUITECTURA INUNDADA | ANTONIO BALLESTER MORENO | PERE LLOBERA | TEO SORIANO  
PRUDENCIO IRAZABAL | PETER ZUMTHOR | TOBIAS REHBERGER | JOÃO PENALVA | SONYA DYAKOVA



*Editorial: Cuando el color manda (Mónica Maneiro) / Moebius: La arquitectura inundada (Fernando Agrasar y Luz Paz Agras) / Panorama: Unas ideas sobre el color. Conversación con Antonio Ballester Moreno, Pere Llobera y Teo Soriano (Ángel Calvo Ulloa) / Fis(s)uras: Entrevista con Prudencio Irazabal (Mónica Maneiro); Negro atmosférico (SCA); La cromofilia y el celebrado fenómeno de los colores (Juan José Santos) / Proun: Tobias Rehberger. Explorando la dimensión psicológica de la percepción visual (Rocío Figueroa Guisande) / Bits: La Fiambrera; Galula; Teo Soriano. Umbral; Noroeste Obradoiro; Macha Store Laie; Niño y Pistola; Idoia Cuesta; Tipografía en pantalla. / Entre bastidores: João Penalva <> intangible, incorpóreo e imaterial (Maria de Fátima Lambert) / Perfil: Sonya Dyakova (Sara Donoso)*

23 xul, 2015

# O Manuel



Antón de Guizán.-

Coñecín a Manuel María hai 38 anos, cando eu tiña só 16, nuncio estudiantil no instituto de Monelos da Coruña no que tiven a honra de presentalo. Anos despois, na primeira homenaxe pública despois da súa morte no auditorio da Fábrica en Oleiros e dentro dunha xornadas de verán de Galiza Nova, a miña filla Elba, con nove anos, leu o poema Terá Chá na súa honra, o que me enorgulleceu dobremente. Lembro aqueles domingos pola mañá na desaparecida cafetería Kirs da Coruña, sempre con Saleta e cos queridos Felipe Senén, Pancho Pillado e Xurxo Souto en animadas tertulias. O Manuel, sempre entrañable, cando pedía cigarros ás escondidos sabedor dos condados da súa saúde por parte de Saleta, o seu anxo da garda. Aquel Manuel que figura na miña memoria coruñesa pero inequivocamente vinculado á Terra Chá co que sempre sentín unha

identificación mesmo vivencial pola procedencia e pola vivencia, a Chaira e a Artabria compartida. Era difícil non ver ao Manuel sempre en actos solidarios e reivindicativos, en apoio a novos poetas e escritores... O tempo, levoume a Os Vilares, ao coñecemento da vida e da obra dun dos seus grandes amigos, Xosé María Díaz Castro honrado xa coas letras galegas do 2014, que tanto lle tería gustado compartir ao Manuel, e o próximo ano, o propio Manuel María será o homenaxeado do que tan orgulloso se sentía o propio Díaz Castro. A Terra Chá, unha fábrica de Poesía, ve recoñecida en dous anos a súa creación aos seus poetas todos, que non serán os únicos, e convértese así definitivamente nunha potencia cultural. De nós depende xa presumir, promover, extender aos nosos grandes, Pepe do Vilariño e Manuel da casa de Hortas e a outros moitos que foron, son e serán.

16 xul, 2015

# Camiño Norte e Manuel María

## Camiño Norte

Estes días, diante da declaración por parte da Unesco do Camiño Norte de Santiago e do Camiño Primitivo como Patrimonio da Humanidade, o Instituto de Estudos Chairegos quere facer pública a profunda satisfacción que sente por este recoñecemento.

Por mor diso, emitiu un comunicado co que quere felicitar a todas as persoas, asociacións e institucións que levan anos traballando por conseguir este recoñecemento ao tempo que fan un chamamento á responsabilidade colectiva no respecto ao Camiño, ao seu coidado e mantemento para que este recoñecemento mundial se traduza no coñecemento e recoñecemento da nosa historia, da nosa cultura e do noso patrimonio material e inmaterial.

O IESCHA, como asociación que dentro dos seus estatutos contempla a defensa e conservación do Camiño Norte, ten publicado en 2004 o libro “O Camiño Norte de Santiago na plumiña de Ramón Guntín” e dispón dunha exposición sobre “O Camiño Norte de Santiago en imaxes” co seu catálogo, elaborado por Xosé Luís Novo Cazón, que poñen a disposición das entidades que a soliciten. Manuel María

Así mesmo, desde o Instituto de Estudos Chairegos, diante da designación de Manuel María como homenaxeado nas Letras Galegas 2016, manifestan a súa satisfacción por este merecido nomeamento que vén recoñecer o seu compromiso coa Terra, coa Lingua e coa Cultura e a súa categoría moral e persoal.

Aproveitan para reiterar a petición realizada ao Concello hai unha década

de que a Casa da Cultura de Vilalba leve o nome de Manuel María. Baseamos esta petición na fonda relación que mantivo sempre con Vilalba tanto no plano persoal como na súa faceta de escritor, adicando unha parte da súa obra a Vilalba e á súa riqueza patrimonial, paisaxística, gastronómica, sociolóxica, poética, etc... Manuel María é o verdadeiro Bardo da comarca da Terra Chá, á que cantou coa súa maxistral obra Terra Chá, e porque sobra dicir que foi unha das figuras máis sobranceiras das letras galegas da segunda metade do século XX, que se entregou toda a vida a Galiza e á súa terra natal.

Manuel María, como bo chairego, deixábase caer por Vilalba sempre que lle era posible, tanto para visitar aos seus amigos e amigas como para participar en actos culturais. Demostrou en máis dunha ocasión o seu cariño pola nosa vila e mesmo aceptou de bo grado a proposta que lle fixemos dende o IESCHA para que o acto do seu ingreso na Real Academia Galega se celebrase en Vilalba.

Para nós a traxectoria de Manuel María, a súa significación no eido cultural e o seu vencello con Galiza, coa Chaira e con Vilalba, ben o fan merecedor dunha homenaxe por parte do pobo de Vilalba, e nomeadamente dunha institución que nos representa a todos/as: o Concello. Desde o Iescha entenden que o darlle o seu nome á Casa da Cultura sería unha boa mostra de correspondencia para cun home que vai figurar entre os escollidos da cultura e das Letras Galegas.

13 xul, 2015



avozdevilalbă  
șai

